

IBUPROFENO TEATRO PRESENTA

RECONVERSIÓN

DE SANTIAGO CORTEGOSO



ARTUR ABAD
CRISTINA COLLAZO
SANTIAGO CORTEGOSO
CÉSAR GOLDI
CELIA GONZÁLEZ
DAVIDE GONZÁLEZ
FRAN LAREU
NANI MATOS



DIRECCIÓN
SANTIAGO CORTEGOSO

O PROXECTO. XÉNESE

Meu pai naceu en 1940 en Domaio, unha parroquia do concello de Moaña, provincia de Pontevedra, situada na beira norte da ría de Vigo. Aos 14, a mediados dos anos 50, empezou a traballar en Ascón, un estaleiro que acabaría sendo un referente na construción naval a nivel estatal. Despois da crise do petróleo do ano 73, sofre unha etapa de gran inestabilidade e debe afrontar un proceso de profunda reestruturación. Prodúcese un movemento sindical sen precedentes que afronta unha serie de folgas e mobilizacións históricas.

No ano 82, coa chegada de Felipe González ao poder, o Goberno español pon en marcha a denominada “Reconversión industrial”. En 1984, Ascón pecha as portas e deixa sen traballo a máis de 2.000 persoas, nun contexto de conflitividade sindical histórico. Moitos dos compañeiros conseguen integrarse noutros estaleiros, ou recíclanse á construción civil, pero meu pai, que neses momentos chegara a ser “Técnico de organización de 1ª” e ocupaba un cargo directivo importante na factoría, pasa ao Fondo de promoción de emprego e asiste a cursos de inglés, como outros moitos traballadores.



Rúas da cidade de Vigo durante unha manifestación dos obreiros do naval

Nestes momentos, meu pai ten 83 anos. Sofre unha demencia senil cada vez máis severa. Entre as brumas da súa memoria, ata hai pouco aparecían anécdotas sobre o seu traballo nos barcos, nas oficinas, conflitos relacionados coa “reconversión”... Agora xa non nos recoñece, apenas fala con coherencia. Eu non podo evitar pensar que coa desaparición desta xeración se vai perder a memoria dun momento histórico fundamental: unha serie de acontecementos de índole económica, política e social que non están excesivamente documentados e analizados, e que ben merecen unha obra de teatro.



Emilio Vieitez 'Sandokan' fronte a un policía durante unha protesta

En abril de 2023, reúno toda esta información nun proxecto e preséntoo á convocatoria do “XI Laboratorio de Escritura teatral da Fundación Sgae”. O proxecto é seleccionado xunto a outros cinco a nivel estatal, así que desenvolvo o proceso de escrita, baixo a dirección de Carol López, desde xuño a novembro de 2023, asistindo a reunións mensuais en Madrid. O resultado é un texto titulado Reconversión, que se publicará na versión orixinal en castelán na primavera de 2024, e que se estreará con produción de Ibuprofeno Teatro en febreiro de 2025 no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

Á marxe do vínculo persoal, este proxecto é unha iniciativa que encaixa nunha traxectoria de creación marcada por temáticas de corte social e político, relacionadas con conflitos de actualidade que afectan ao individuo contemporáneo. Para iso despreguei unha estratexia de escrita sustentada na análise social e no efecto que o contexto ten nos sentimentos e comportamentos das persoas. Estas dúas dimensións, a íntima e a política, están tamén presentes e entrelazándose neste proxecto, que é moi autobiográfico e fantasioso a un tempo.

O TEXTO

A creación do texto produciuse despois dun arduo traballo de investigación, con entrevistas a extraballadores de Ascón, familiares, etc, e consulta de fontes escritas, aínda que non existe nestes momentos ningunha publicación, produto audiovisual ou noutro soporte que documente a reconversión naval, que sirva como referencia para contextualizar os feitos históricos dos que falamos. O material dramático estrutúrase en 4 tipos de escenas:

-Un coro que emite textos rapsódicos, moi rítmicos, que describen as imaxes que unha cámara vai gravando ao longo do espazo e do tempo, unha especie de story board declamado polo conxunto do elenco que describe os ambientes, as accións, os personaxes; contextualiza desde un punto de vista obxectivo. É unha película contada, con moita musicalidade e diferentes tons: da comedia á traxedia, pasando polo thriller.

-As intervencións do "Fillo". Teñen un ton íntimo, mais ás veces tamén narrativo, pero sempre desde a subxectividade. Este personaxe, que interpreta o propio autor, é o que lle dá a perspectiva á historia. Porque se conta desde a súa visión (coa carga emocional que implica), desde a súa investigación sobre a vida do "Pai", da que descoñece moitas cousas, e da que aprende. O seu propio conflito interno resólvese a través do espello que atopa co descubrimento do seu pasado máis inmediato, ó que fora indiferente ata agora. Esta presenza imprímelle á peza un efecto de distanciamento ó estilo brechtiano.

-Escenas que recrean situacións reais e van narrando a vida dos personaxes, principalmente de meu pai e de miña nai, que serven como exemplo do que lle aconteceu a moitísimas familias naqueles momentos. Tamén outros personaxes e situacións tirados da realidade histórica: traballadores anónimos, manifestacións, debates sindicais... É unha traxectoria vital que vai da penuria propia da ditadura dos anos 40 á modernidade democrática dos 80, pasando pola etapa de "progreso" e a asunción dos valores propios dunha sociedade capitalista dos 60 e 70.



En 1984 traballadores de Ascón secuestran o catamarán que cubre a liña Vigo - Cangas como medida de presión



-Escenas imaxinadas que especulan con momentos nos que se producen decisións transcendentais nos ámbitos de poder, que afectarán a milleiros de persoas. Aquí aparecen personaxes históricos como Felipe González, Miguel Boyer (con Isabel Preysler), Franco e Carmen Polo, Rodolfo Langostino, Naranjito, etc... Estas son escenas non realistas, máis ben surrealistas, nas que se dá renda solta á especulación histórica e a situacións de comedia delirante. A parte máis documental da peza está traballada desde esta clave de humor, con escenas moi tolas. Este é un pilar básico do proxecto.

A estratexia dramaturxica da xustaposición de escenas de moi diferente ton ten como finalidade imprimirlle á obra un ritmo frenético e un xeito de transmitir a información que atrape ós espectadores e espectadoras. A escrita da peza propón un ton inspirado na retransmisión e o humor galegos, cunha ironía crítica propia do entroido e as celebracións populares. Esta dimensión contrasta coa perspectiva máis "académica" derivada da investigación histórica e da análise social que sustenta o seu contido. E tamén co ton íntimo que achega a presenza do "Fillo". Todos estes elementos forman parte da viaxe que percorre o espectáculo. Esta proposta nace do convencemento de que a crítica e a reflexión se poden tratar desde o humor e a atmosfera festiva, como demostra unha longa lista de manifestacións culturais da tradición galega.

A PROPOSTA ESCÉNICA

O público chega ao teatro e, na porta, aparece unha charanga tocando música popular, música alegre de verbena. Son os actores/ices, un elenco de intérpretes/músicos que compoñen unha troupe de cómicos que recibe os espectadores e accede ó escenario polo patio de butacas. O espazo recrea unha verbena das de antes (como eran ata os 80): un palco, unhas lámpadas de cores...

Esta troupe interpreta a ese coro que conta a historia como se fose unha película; dálle voz a unha cámara que voa no tempo e no espazo para narrar as imaxes que conforman unha vida. Dese coro saen os personaxes protagonistas, que recrean as diferentes situacións. Os actores/ices xogan continuamente: entran e saen dos personaxes e vanse caracterizando segundo o demande a historia. E interpretan a música en directo que ambienta a época: Xil Ríos, "Micky y los Tonis", pasodobres e rumbas populares...

Os elementos escénicos fundamentais son un andamio e unhas grilandas de lámpadas. Recrean o palco no inicio do espectáculo (e no número central da función: un concerto de Xil Ríos a finais dos 70), pero o andamio é un módulo moi versátil que os intérpretes poden manipular, recolocando as táboas e os listóns de ferro, e apoiándose en cabaletes para acadar diferentes posicións, ampliando a estrutura inicial, que pode chegar a 9 metros de ancho. Será coma unha caixa de sorpresas da que saen numerosos elementos: un percheiro que se usará para gardar e recoller pezas de vestiario, un somier vello cun módulo con terra (para as escenas nas que os pais están traballando na horta), elementos de atrezzo variados, etc



Bosquexo do espazo escénico. Por Pablo Giráldez 'O Pastor'



Bosquexo do vestiario. Por Marián Bañobre

Deste xeito, irase transformando a dimensión plástica da escena, achegando varios niveis de altura e formas arquitectónicas diferentes (o andamio ten rodas e pode desprazarse e mostrarse polas catro caras), sempre ó servizo das dinámicas dos actores e actrices á hora de colocarse nel, procurando imaxes con atractivo visual. Asemade, explotarán as posibilidades que ofrece o dispositivo escénico para contar a historia, conformando os diferentes espazos nos que transcorre a acción: un plano do estaleiro en forma de U, unha barra de bar, un coche, un catamarán, unha oficina, un concerto de Xil Ríos, un faiado, etc

As lámpadas, aínda que esteticamente recreen as tiras de luces de cores, icónicas das verbeñas populares de vilas e aldeas, serán lámpadas led (grilandas estilo vintage), que ofrecen múltiples posibilidades cromáticas e combinacións para crear efectos de luz. Ademais, dadas as súas características, poden ser manipuladas polos intérpretes, co cal se abre un universo de posibilidades de xogo no escenario. A obra comeza e remata coa descrición dunha imaxe do ceo (as estrelas e as galaxias). Ademais formúlase un contraste entre o branco e negro nas escenas dos anos 40 e 50, e un salto cara á cor nas décadas posteriores. A presenza dos aparellos de luz como elemento escenográfico forma parte da aposta dramática e ponse ao servizo do xogo escénico.

Contrastando coa estética de ferruxe e tons neutros propios dos materiais nobres (ferro e madeira) que achega a escenografía, o deseño de vestiario propón unha fusión entre os clásicos monos azuis dos obreiros e as camisas estampadas que adoitan levar as charangas, creando un conxunto harmónico entre todo o elenco. Estas bases, que serán moi versátiles, iran transformando para construír de xeito fluído, coa axuda de elementos de alicerce, a caracterización dos diferentes personaxes (35 máis o coro) que van aparecendo nas diferentes escenas.



RECONVERSIÓN é un espectáculo de gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que interpretan a banda sonora en directo.

Entre o íntimo e o político, o proxecto, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na Ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro de Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viveu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

RECONVERSIÓN é unha viaxe desde a posguerra ata o “Felipismo” dos 80, pasando pola auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista.

O EQUIPO

Elenco:

Artur Abad.....Percusións, Coro, Soplete, Outros
Cristina Collazo.....Trompa, Coro, Avoa, Outras
Santiago Cortegoso.....Percusións, Coro, O fillo
César Goldi.....Percusións, Coro, Franco, Naranjito, Outros
Celia González.....Clarinete, Coro, A nai, Outras
Davide González.....Saxofón, Coro, Felipe González, Outros
Fran Lareu.....Trompeta, Coro, O pai, Outros
Nani Matos.....Tuba, Coro, Boyer, Outros

Texto e dirección.....Santiago Cortegoso
Codirección e Iluminación.....Carlos Álvarez-Ossorio
Escenografía.....Pablo Giráldez "O Pastor"
Deseño de son e dirección musical.....Alonso Caxade
Vestuario.....Marián Bañobre
Xastra.....Bety Busto
Caracterización.....Baia Fernández
Movemento escénico.....Armando Martén
Imaxe e fotografía.....Diego Seixo
Asistente de dirección.....Natalia Feijoo
Técnico en xira.....Héctor Pazos
Produción e comunicación.....Fátima R. Varela
Produción e distribución.....Ibuprofeno Teatro SL



IBUPROFENO TEATRO

www.ibuprofenoteatro.com

ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com

696 73 00 37 / 986 10 28 32